

## Maio

Neste mes conmemoramos...

**17 de maio:** Día das letras galegas adicado a María Victoria Moreno

Martes, 15 de maio ás 19:00h

**FALADOIRO SOBRE:** "María Victoria Moreno". Con Marilar Aleixandre.

María Victoria Moreno "contribuíu, xunto a outros autores e autoras da súa xeración, a situar a literatura infantil e xuvenil galega nun lugar digno; a poñer en valor o uso da lingua galega, falándoa e escribíndoa ben, a meterse na pel dos personaxes e gozar coa literatura, coa beleza das palabras". "Toda a súa vida é un exemplo de compromiso coa causa da lingua galega e da xustiza social".

## Xuño

Neste mes conmemoramos...

**28 de xuño:** Día Internacional do Orgullo LGBT

Martes, 5 de xuño ás 19:00h

**PRESENTACIÓN DO LIBRO:** "La prostitución en el corazón del capitalismo". Rosa Cobo Bedía (La Catarata, 2017).

Este libro explica os cambios que experimentou a prostitución nas últimas décadas. O vello mundo da prostitución era un conxunto de negocios case artesanais sen apenas impacto económico. O novo canon é unha industria global, interconectada, cun modo de funcionamento similar ao das grandes corporacións capitalistas, un volume de beneficios anual moito maior có de varias multinacionais xuntas e cun pé na economía ilícita e outro na lícita.

Xoves, 7 de xuño ás 19:00h

**PRESENTACIÓN DO LIBRO:** "Arquitectas pioneras de Galicia. Ocho entrevistas". María Carreiro, Cándido López (Ed.) (Universidade da Coruña, 2017).

Esta obra recolle oito entrevistas ás primeiras mulleres dedicadas á arquitectura en Galicia, e achéganos o relato das arquitectas no seu contexto profesional e social (sen esquecer o persoal), construíndo unha historia que vai desde os anos 40 á actualidade. Xunto con cada entrevista, achégase unha breve anotación biográfica, unha fotografía e unha obra de arquitectura representativa.

Martes, 26 de xuño ás 19:00h

**PRESENTACIÓN DA EDITORIAL BAPHALA.** Unha editorial para descubrir as mellores obras da literatura poscolonial LGTBQIA. Mariana Jorge Lozano (Editora).

Historias pequenas que esperan ser lidas, que necesitan mans cálidas e corazóns abertos para medrar ata facerse inesquecibles. En Baphala Edicións seleccionan, traducen e editan o mellor da literatura LGTBQIA poscolonial, principalmente de África e Asia, para descubriros obras que doutro xeito dificilmente serían publicadas no noso país.

## "Cafés literarios" Club de lectura do CDRF De 18:00h a 20:00h

Data	Relatora	Libro/autoría
Mércores, 28 febreiro	Mª Rosa Pérez	Malena es un nombre de tango / de Almudena Grandes
Mércores, 21 marzo	Carmen Luna	Las viudas de los jueves / de Claudia Piñeiro
Mércores, 25 abril	Susana Rodríguez	Vidas post-it / de Iolanda Zúñiga
Mércores, 30 maio	Lourdes Lorenzo	Sete caveiras / de Elena Gallego
Mércores, 27 xuño	Concepción Regueiro	El cuento de la criada / de Margaret Atwood

## Sala de exposicións

De luns a venres de 17:30h a 21:30h

- "A vida efémera" de Teresa Charlín (fotógrafa).  
Do 9 ao 26 de xaneiro
- "Trampantojos" de Ani Pérez (fotógrafa).  
Do 1 ao 23 de febreiro
- Mostra de cartelería do fondo do Centro de Documentación e Recursos Feministas.  
Do 1 ao 23 de marzo
- "III Visibilizando o autismo" de Paula Verde Francisco.  
Do 2 ao 20 de abril
- Exposición fotográfica "Nais do Mundo" da Asociación Madres Latinas.  
Do 26 de abril ao 16 de maio
- "Vida entre viñetas" de María Vilar (ilustradora).  
Do 21 de maio ao 8 de xuño
- VI Exposición Colectiva "Casa das Mulleres".  
Do 12 ao 29 de xuño
- Exposición "XVI Aniversario da Asociación Madres Latinas".  
Do 3 ao 23 de xullo

## Centro de Documentación e Recursos Feministas

Biblioteca Juan Compañel - R/ Joaquín Yáñez 6, 2º andar - 36202 Vigo - T. 986 436 441  
centro.documentacion.feminista@vigo.org

Todas as actividades do Centro de Documentación e Recursos Feministas teñen a entrada libre ata completar o aforo

O CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS, dependente da Concellería de Igualdade, é un servizo de xestión de información, documentación e materiais de traballo sobre muller, xénero e igualdade dirixido ao público en xeral ou a persoal especializado e interesado nas citadas temáticas.

**Servizos:** consulta en sala, préstamo a domicilio, asesoramento documental, actividades de extensión cultural...

**Horario:** luns e venres de 10:30h a 13:30h / martes, mércores e xoves de 16:30h a 20:30h.  
Xullo: luns a venres de 10:30h a 13:30h / Agosto: pechado

## Casa das Mulleres

R/ Romil, 20 - 36202 Vigo - T. 986 442 194 - Fax 986 442 195 - casadasmulleres@vigo.org

Nas actividades que se requira inscrición previa, darase prioridade ás mulleres empadroadas en Vigo e ésta realizarase na Concellería de Igualdade: 1ª planta do Concello de Vigo, de luns a venres de 9:00h a 13:30h ou a través do teléfono 986 810 284

A CASA DAS MULLERES é un servizo adscrito á Concellería de Igualdade, aberto ás iniciativas e intereses das mulleres da cidade e das asociacións e colectivos que as representan.

**Horario:** luns a venres de 17:30h a 21:30h

CONCELLO  
DE VIGO



## Programa de actividades

Centro de Documentación e Recursos Feministas

Casa das Mulleres



## Centro de Documentación e Recursos Feministas

### Febreiro

*Neste mes conmemoramos...*

**11 de febreiro:** Día Internacional da muller e a nena na Ciencia

**24 de febreiro:** Día de Rosalía

**Xoves, 15 de febreiro ás 19:00h**

**PRESENTACIÓN DO LIBRO:** “*Mujeres matemáticas, las grandes desconocidas*”. Amelia Verdejo. (Universidade de Vigo, 2017).

*Este libro pretende contribuír a visibilizar e reivindicar a algunhas das grandes matemáticas que existiron ao longo da historia, desde os inicios da propia ciencia. Achegar modelos de mulleres matemáticas, que poidan ser utilizados nas aulas de todos os niveis do ensino, é o seu obxectivo.*

**Martes, 20 de febreiro ás 19:00h**

**PRESENTACIÓN DO LIBRO:** “*Rosalía de Castro e o poder sexual*”. María Xosé Queizán. (Xerais, 2017).

*M.<sup>a</sup> Xosé Queizán reúne aquí sete ensaios de temática rosaliana, dende o introdutorio, que lle dá título, no que se estuda o carácter feminista de toda a obra rosaliana, pasando polos que abordan o amor e o suicidio na obra poética, até os dedicados á súa consideración a través da historia e á persecución que sufriu no seu tempo. Complétase o libro con media ducia de poemas e dous relatos nos que Queizán homenaxea a nosa primeira escritora.*

**Martes, 27 de febreiro ás 19:00h**

**PRESENTACIÓN DO GRUPO:** “*As escribidoras*”.

Presentación dos traballos realizados polas alumnas do curso de escrita creativa da Casa das Mulleres.

### Marzo

*Neste mes conmemoramos...*

**8 de marzo:** Día Internacional da muller

**Martes, 20 de marzo ás 19:00h**

**PRESENTACIÓN DO LIBRO:** “*Pioneiras, galegas que abriron camiño*”. Anair Rodríguez Rodríguez (Autora). Nuria Díaz (Ilustradora). (Xerais, 2018).

*Unha das primeiras correspondentes de guerra foi galega, tamén unha das primeiras navegantes, escritoras ou directoras dun xornal. Este libro fala de doce mulleres que conseguiron vencer as barreiras impostas ao seu xénero e dar os primeiros pasos por vieiros transitados ata ese momento só por homes. Mulleres reais e diversas que no seu día foron pioneiras en diferentes ámbitos e cuxas historias merecen ser coñecidas e postas en valor.*

### Abril

*Neste mes conmemoramos...*

**23 de abril:** Día Internacional do libro

**Mércores, 4 de abril ás 19:00h**

**PRESENTACIÓN DO LIBRO:** “*Perdone que no me calle: 62 autoras canarias denuncian la violencia contra las mujeres*”. Asunción Cívicos Juárez (Coautora) (CCPC, 2017).

*O libro recolle microrrelatos de 62 autoras canarias que xuntan as súas voces como unha forma máis de denuncia da violencia que se exerce contra as mulleres.*

**Xoves, 19 de abril ás 19:00h**

**PRESENTACIÓN DO LIBRO:** “*Limaduras de prata*”. Luisa Abad (2017).

*“Limaduras de prata” é un libro de poesías que a coruñesa Luisa Abad escribiu durante o tratamento dun linfoma. Agora, a autora está a percorrer diversos puntos de Galicia para presentar unha obra repleta de experiencias, sensacións e emocións. Todo o diñeiro que se recade coa comercialización desta obra estará destinado á Asociación Española contra o Cáncer e aos proxectos de investigación que promove.*

## Casa das Mulleres

### Obradoiros

Obradoiros de carácter gratuito que se impartirán na Casa das Mulleres. As prazas son limitadas e cubriranse por orde de inscrición. Daráselles preferencia ás persoas empadroadas en Vigo e que non realizaran esta formación con anterioridade. **Inscrición previa** desde o día **26 de xaneiro** e ata cubrir prazas na Concellería de Igualdade, 1.ª planta da Casa do Concello de 9:00h a 13:30h, ou ben a través do tfno. 986 810 284, en horario de 8:30h a 15:00h. **Lugar de realización dos obradoiros:** Casa das Mulleres, rúa Romil, 20.

**“OBRADOIRO DE PINTURA E XÉNERO”**

**Dirixido a** mulleres maiores de 18 anos.

**Obxectivos:** introducción na práctica da pintura e o debuxo experimentando coas técnicas e os procedementos que permitan a expresión e faciliten a autonomía creadora. Achegamento á historia da arte e á historia da pintura desde unha perspectiva crítica, analizando o modelo dominante. Coñecemento de mulleres pintoras e a súa obra.

**Contidos:** as mulleres como modelos da representación e como creadoras. Pintoras na historia. As pioneiras. Exercicios temáticos; a autorepresentación e a auto imaxe. A abstracción e o decorativo. A reivindicación do propio. A artesanía como técnica de experimentación. Pintura e xénero. A representación do doméstico.

O desenvolvemento do programa consta de 45 horas en total, distribuídas en 15 sesións de 3 horas de duración cada unha. **Período e horarios:** os luns desde o 19 de febreiro ata o 28 de maio de 18:00h a 21:00h.

**“OBRADOIRO DE INICIACIÓN AO TEATRO: O CORPO EXPRESIVO”**

**Dirixido a** mulleres maiores de 18 anos.

**Obxectivos:** busca e experimentación das múltiples posibilidades do corpo expresivo. Conquerir un maior coñecemento do noso corpo para convertelo nun corpo expresivo. Achegamento ás emocións: a alegría, a tristeza, o medo, a ira, a tenrura... Potenciar a improvisación teatral como ferramenta esencial para crear historias.

**Contidos:** xogo dramático. Dinámicas de grupo. Exercicios e xogos para un maior coñecemento do noso corpo e da nosa expresividade. Achegamento ás emocións a través do corpo expresivo. A improvisación teatral.

O desenvolvemento do programa consta de 40 horas en total, distribuídas en 16 sesións de 2:30 horas de duración cada unha. **Período e horarios:** os martes desde o 20 de febreiro ata o 19 de xuño de 18:00h a 20:30h.

**“OBRADOIRO DE ZENTAGLE”**

**Dirixido a** mulleres maiores de 18 anos.

**Obxectivos:** diminuír a tensión (estrés) e mellorar a atención das persoas a través do debuxo. Mellorar a autoestima, a autovaloración e o empoderamento. Potenciar a resolución creativa de problemas. Aumentar a creatividade e as nosas habilidades sociais.

**Contidos:** introdución ao método Zentangle. Exercicios prácticos. Traballo coas sombras para crear interese e dinamismo no noso debuxo. Creación de tesalas individuais e colectivas. O desenvolvemento do programa consta de 16 horas en total, distribuídas en 8 sesións de 2 horas de duración cada unha. **Período e horarios:** os venres desde o 23 de febreiro ata o 20 de abril de 18:00h a 20:00h.

**“OBRADOIRO DE SENSIBILIZACIÓN EN XÉNERO E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES”**

**Dirixido a** homes e mulleres maiores de 18 anos.

**Obxectivos:** diferenciar o sistema sexo-xénero, contribuír a desnaturalizar os roles e os estereotipos de xénero. Coñecer as implicacións e consecuencias tanto no persoal como no económico e social, do proceso de socialización diferencial. Desnegativizar o concepto de conflito e dotar de ferramentas ao alumnado participante para unha resolución asertiva. Recoñecer os tipos de violencia ás que estamos expostas as mulleres polo feito de selo, sensibilizar e visibilizar outras violencias que resultan máis sutís.

**Contidos:** o proceso de socialización diferencial: o sistema sexo-xénero, axentes que interveñen no proceso, a linguaxe como elemento transversal. As consecuencias da socialización diferenciada: consecuencias no ámbito persoal e consecuencias no ámbito socio-económico. O conflito. Estilos actitudinais ante o conflito e técnicas para unha resolución satisfactoria: concepto de conflito, estilo agresivo, pasivo e asertivo. As violencias machistas: tipos de violencia (psicolóxica, económica, física, sexual, micromachismos) orixes e causas, o círculo da violencia... O desenvolvemento do programa consta de 20 horas en total, distribuídas en 10 sesións de 2 horas de duración cada unha. **Período e horarios:** os mércores desde o 4 de abril ata o 6 de xuño de 18:00h a 20:00h.

**“CURSO DE AUTOPROTECCIÓN”**

**Dirixido a** mulleres maiores de 18 anos.

**Obxectivos:** proporcionarlles ás asistentes uns coñecementos e habilidades básicas de autoprotección que lles permita mellorar a súa seguridade persoal e ter un plan de seguridade con medidas que lles axuden a previr a agresión, ou, senón fose posible, saír dela con máis garantías. Estes coñecementos están pensados para que poidan ser de utilidade ante calquera imprevisto de carácter violento que lles poida acontecer na súa vida particular.

**Contidos:** no transcurso das sesións formativas as alumnas aprenderán a identificar situacións de risco; estar alerta ante tentativas de agresión; aprenderán e practicarán habilidades, técnicas e recursos para a súa protección e defensa... Esta formación permitiralles mellorar a súa capacidade de reacción, a súa autoestima e a súa confianza persoal.

O primeiro día do obradoiro realizarase unha sesión introdutoria sobre os aspectos psicolóxicos na autoprotección desde unha perspectiva de xénero, que será impartida pola psicóloga do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

As seguintes sesións serán impartidas por instrutores da Policía Local.

**Período e horarios:** sesión introdutoria o 5 de abril de 16:30h a 19:30 h. As seguintes datas 9,10, 12,13, 15, 17, 19 e 20 de abril de 16:30h a 18:30h. (9 sesións. 19 horas en total).

**Inscrición:** o periodo de inscrición para este obradoiro comezará no mes de marzo.